

INSTRUCCIÓN VI/2020 DA XERENCIA POLA QUE SE DESENVOLVEN AS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2020 DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A disposición derradeira primeira das Bases de execución do orzamento 2020 da USC faculta ao Xerente para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución do previsto nas ditas bases.

Nestes primeiros meses de execución do orzamento 2020 detectouse a necesidade de desenvolver o contido dos dous artigos que se detallan a continuación, para garantir a axilidade na tramitación do gasto e ao mesmo tempo delimitar o seu ámbito de aplicación.

PRIMEIRO. Importe máximo por aloxamento

O artigo 17.e) das citadas Bases di: “*O importe máximo por aloxamento poderá elevarse ata un 50% do importe establecido para cada grupo de forma excepcional e motivada*”.

Os importes máximos por aloxamento definidos no Real Decreto 462/2002 non se actualizan desde 2005; por esa razón, hai supostos nos que é imposible contratar un aloxamento polas contías máximas definidas nesa norma.

En aplicación do establecido no artigo 11 do Real Decreto citado, “*Autorizacións excepcionais para a modificación das contías das axudas de custo*”, interprétase que, de forma excepcional, deben autorizarse aqueles casos nos que de forma motivada se xustifique a necesidade de contratar aloxamento por maior importe.

É por isto que se autoriza o incremento ata un 50% do importe máximo definido por aloxamento no Real Decreto 462/2002 sempre e cando se xunte, na tramitación do gasto, documentación acreditativa da imposibilidade de contratación por importe inferior. Porén, nos créditos finalistas con financiamento externo, debe terse en conta con carácter previo o límite que establece o organismo financiador como gasto elixible

SEGUNDO. Gastos de formación e outros

O artigo 18 das mencionadas Bases establece as “*Normas en relación con gastos por atención protocolarias, formación e outros*”.

É necesario desenvolver este artigo para indicar que gastos de formación se poden considerar elixibles. En consecuencia:

- Poderán imputarse no orzamento da USC os gastos de formación individual que respondan á satisfacción dunha necesidade pública. Pola contra, non se poderán imputar os gastos de formación nos que o interese sexa exclusivamente de carácter individual, en actividades como cursos de verán, cursos non específicos, materias necesarias para a obtención dun título académico e similares.
- Autorízase a imputación do gasto de formación individual nunha materia específica cando a formación sexa necesaria para o desempeño do posto na USC

TERCEIRO.- Vixencia

A presente instrución terá vixencia durante o exercicio económico 2020

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2020
O XERENTE,
Javier Ferreira Fernández

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 13/03/2020 14:19:02.

CSV: 2BB7-2D24-4266-A0FB